

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA (FEUGA) PARA A INCLUSIÓN NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL DO ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL NO PERIODO DE FORMACIÓN EN EMPRESA U ORGANISMO EQUIPARADO

19/04/2024

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

E doutra, en representación de FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA (FEUGA), con domicilio social en Santiago de Compostela e C.I.F. G15051667, don Francisco Javier Pereiro Pérez, director xeral, con poder suficiente para este acto, en virtude de escritura pública nº 963 outorgada o 19 de outubro do 2.009, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, con residencia en Ferrol dona Susana Ortega Fernández.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

1. Que a Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, constitúe e ordena o sistema único e integrado de formación profesional.

O artigo 55 da devandita lei orgánica establece que "toda a oferta de formación profesional dos graos C e D vinculada ao Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais terá carácter dual, incorporando unha fase de formación en empresa ou organismo equiparado", engadindo que "a fase de formación na empresa terá unha duración mínima do 25 % da duración total prevista da formación e deberá realizarse no seo dunha ou varias empresas ou organismos equiparados, públicos ou privados, pertencentes ao sector produtivo ou de servizos que sirva de referencia á formación".

A ordenación mencionada entrará en vigor a partir do curso 2024/25.

Mentres tanto seguirá vixente a normativa:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación que contempla no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, que se realiza a través do módulo de Formación en centros de traballo.
- O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda contempla os distintos aspectos da relación coas empresas.

2. Que o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, no seu artigo 82 establece:

1. Grao D do Sistema de Formación Profesional correspóndese cos ciclos formativos de formación profesional.
2. As ofertas de formación profesional conducentes á obtención dos títulos de Técnico Básico, Técnico ou Técnico Superior de Formación Profesional ordenaranse en ciclos formativos de grao básico, de grao medio e de grao superior, respectivamente.
3. As ofertas de Grao D forman parte, ademais do Sistema de Formación Profesional, dos ensinos de formación profesional do sistema educativo, nos termos establecidos na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, debendo contribuír, ademais de aos obxectivos do Sistema de Formación Profesional, aos previstos para este tipo de ensinos na devandita lei orgánica para cada un dos graos básico, medio e superior.
4. Os ciclos formativos de grao básico forman parte da educación básica, en calidade de educación secundaria obrigatoria. Os ciclos formativos de grao medio forman parte da educación secundaria postobrigatoria. Os ciclos formativos de grao superior forman parte da educación superior.

3. Que a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, (LOMLOE en adiante) no seu artigo 3 define as distintas ensinanzas, tendo as artísticas e deportivas a consideración de ensinanzas de réxime especial.

Á súa vez divide as mesmas en ensinanza secundaria postobrigatoria, nas que se inclúen as ensinanzas de artes plásticas e deseño de grao medio e as ensinanzas deportivas de grao medio e educación superior, na que se inclúen as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grado superior e as ensinanzas deportivas de grao superior.

Forman parte das ensinanzas de réxime especial igualmente as artísticas superiores as de Música, Deseño, Arte Dramática e Conservación e Restauración, establecidas como tal na sección terceira do Capítulo VI da LOMLOE.

O Real Decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece no seu artigo 11 .4 que os plans de estudos conterán, entre outros aspectos, prácticas externas.

Pola súa banda, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño organízanse en ciclos de formación específica, e inclúen fases de formación práctica en empresas, estudos e talleres, ao abeiro do artigo 51 da LOMLOE.

No tocante ás ensinanzas deportivas de réxime especial, o Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, establece nos seus artigos 8 e 11 que o alumnado deberá cursar un módulo de formación práctica, que é necesario completar no entorno deportivo e profesional real.

4. Que o Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, modifica a Lei Xeral da Seguridade Social engadindo a disposición adicional quincuaxésima segunda (DA52^a), sobre a inclusión no sistema de Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.

Esta disposición adicional contempla que a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social

das persoas que as realicen nos termos desta disposición adicional, incluíndo especificamente nestas prácticas formativas as realizadas polo alumnado de formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

O Real Decreto-lei 5/2023, do 28 de xuño, polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína, de apoio á reconstrución da illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade; de transposición de Directivas da Unión Europea en materia de modificacións estruturais de sociedades mercantís e conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores; e de execución e cumprimento do Dereito da Unión Europea, establece no seu artigo 212, a vixencia desta medida dende o 1 de xaneiro de 2024.

O Real Decreto-lei 8/2023, do 27 de decembro, polo que se adoptan medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo, así como para paliar os efectos da seca, establece na súa disposición transitoria novena as bases máximas e mínimas de cotización no caso de prácticas formativas non remuneradas de conformidade con previsto na DA 52 do texto refundido da Lei de Seguridade Social, fixándoas nunha cota empresarial, por cada día de prácticas, de 2,54 euros por continxencias comúns excluída a prestación de incapacidade temporal, e de 0,31 euros por continxencias profesionais, sen que poida superarse a cota máxima mensual por continxencias comúns de 57,87 euros e por continxencias profesionais de 7,03 euros. En ambos casos, ás cotas por continxencias comúns lles resultará de aplicación a redución do 95 por cento, resultando una cota empresarial, por cada día de prácticas, de 0,13 euros por continxencias comúns excluída a prestación por incapacidade temporal, sen que poida superarse a cota máxima mensual de 2,89 euros por continxencias comúns.

O 28 de marzo de 2024 publícase no BOE a Orde PJC/281/2024, de 27 de marzo, pola que se modifica a Orde PJC/51/2024, de 29 de xaneiro, pola que se

desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cese de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2024. Nesta norma establécense as novas contías a aplicar con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro de 2024. A contía a aplicar será a seguintes: "a cotización consistirá nunha cota empresarial, por cada día de prácticas, de 2,67 euros por continxencias comúns excluída a prestación de incapacidade temporal e de 0,33 euros por continxencias profesionais, sen que poida superarse a cota máxima mensual por continxencias comúns de 60,76 euros e por continxencias profesionais de 7,38 euros, dos que 3,82 euros corresponden á continxencia de incapacidade temporal e 3,56 euros á de incapacidade permanente e morte e supervivencia.... ás cotas por continxencias comúns lles resultará de aplicación a redución do 95 por cento establecida no apartado 5.b) da disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, sen que lles sexa de aplicación outros beneficios na cotización distintos a esta redución."

5. Que a Fundación Empresa–Universidad Gallega (FEUGA), constituída o 11 de abril de 1983, é unha fundación de interese galego recoñecida pola Orde de 1 de agosto de 1984 (DOG do 26 de outubro), inscrita no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia co número 155, e foi fundada polas tres universidades galegas e as entidades públicas ou privadas, agrupacións, cámaras de comercio e confederacións empresariais asinantes da súa carta fundacional. Entre os seus membros, FEUGA conta con numerosas empresas e entidades empresariais de todos os sectores da economía galega, entre elas dos sectores clave da economía e referidas a sectores emerxentes para a economía galega. Os seus fins estatutarios diríxense ao desenvolvemento da economía e da sociedade de Galicia e a súas actividades están orientadas ao fomento das relacións entre o sistema educativo e o sector produtivo como ingrediente básico do incremento dos niveis

de formación, do desenvolvemento tecnolóxico e da competitividade das empresas galegas.

6. Que o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional inclúe entre as funcións da Consellería o impulso da relación co sistema produtivo de Galicia e o establecemento da colaboración necesaria para a planificación e o desenvolvemento conxunto de ofertas formativas, a participación en procesos de innovación da formación de persoas formadoras, a formación de profesionais das empresas, o desenvolvemento e a participación nos procesos de avaliación e recoñecemento de competencias profesionais, así como a promoción da formación profesional e a inserción laboral das persoas formadas.

Ademais a Estratexia de FP Galicia 2030, aprobada no consello da Xunta do día 10 de febreiro de 2022, ten como un dos principios que a sustentan a colaboración público-privada entre as administracións e as empresas no proceso de adquisición de competencias por parte da cidadanía, na identificación das necesidades de capacitación e deseño da oferta formativa, incluíndo a modalidade dual, ou levar a cabo actuacións de difusión das ensinanzas de Formación Profesional. Neste sentido, destaca o obxectivo estratéxico 1.2 que busca impulsar a colaboración na formación entre os sectores produtivos e o ámbito educativo.

O Plan Conecta FP Galicia, integrado na devandita estratexia, ten entre os seus obxectivos a mellora da competitividade das empresas, dando resposta ás necesidades de capacitación que deben ter os traballadores que precisan, detectando as necesidades formativas dos sectores produtivos e deseñando unha oferta de formación profesional do sistema educativo adaptada ás mesmas.

7. Que FEUGA e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional comparten funcións concorrentes no que se refire ao impulso da cualificación do alumnado, co propósito de abastecer ás empresas galegas con traballadores altamente capacitados que poidan satisfacer as necesidades do mercado actual. Esta converxencia xustifica a necesidade de establecer unha nova colaboración que permita optimizar recursos e esforzos para alcanzar este obxectivo.

8. Asemade, FEUGA, como entidade de dereito privado, sen fins lucrativos e dedicada ao desenvolvemento da economía e da sociedade de Galicia, ten unha dilatada experiencia coa administración educativa e concretamente en materia de formación profesional mediante a sinatura de convenios que fixeron posible:

- Desde o ano 2012, a oferta de bolsas destinadas ás persoas tituladas de formación profesional e no 2013 ampliouse ás persoas tituladas en ensinanzas artísticas e deportivas, un programa de formación práctica en empresas que proporciona aos titulados maior formación e cualificación práctica para facilitar a súa inserción laboral e co fin último de conseguir un achegamento e a necesaria interactuación entre o mundo laboral e o sistema educativo, cos conseguintes beneficios para ambas as partes.
- A posta en marcha dun programa de bolsas de formación para o alumnado da formación profesional dual, nos que participan as empresas e entidades empresarias e os centros docentes autorizados e que facilita a posibilidade para o alumnado obter un título de formación profesional.
- O Convenio asinado o pasado 27 de decembro de 2023 para a inclusión no sistema da seguridade social do alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial no período de formación en empresa u organismo equiparado.

Ademais, FEUGA conta cunha plataforma exclusiva e altamente especializada deseñada especificamente para axilizar o envío e a recepción da documentación requirida no proceso de inclusión do alumnado de formación profesional na Seguridade Social durante o seu período de formación en empresas. Esta plataforma distínguese pola súa idoneidade para esta tarefa, ofrecendo unha solución integral que garante a eficiencia e a seguridade no intercambio de información, contribuíndo así a simplificar e optimizar todo o procedemento administrativo.

9. A experiencia previa de FEUGA, xunto coa súa colaboración activa coa administración educativa en programas de bolsas de formación e en programas de formación profesional dual, evidencia un profundo coñecemento dos centros educativos. Esta experiencia, combinada co seu amplo coñecemento do armazón empresarial galego, apoia a consideración de FEUGA como a entidade máis idónea para levar a cabo a xestión da inclusión na Seguridade Social do alumnado de formación profesional durante o seu período de formación en empresas.

10. Conforme ao disposto no artigo 2.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a xestión mencionada atópase excluída do ámbito de aplicación da referida lei debido á súa carencia de carácter oneroso para FEUGA, ao non xerar ningún tipo de beneficio económico, xa sexa de maneira directa ou indirecta.

11. Neste marco, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e FEUGA resaltan a necesidade de uniren esforzos, mellorando o aproveitamento dos recursos e os medios dos que cada unha dispón para a posta en marcha de programas de formación profesional, nos que participan as

empresas e entidades empresariais e os centros educativos. En base a isto, colaborarán na xestión da inclusión na Seguridade Social do alumnado de formación profesional no período de formación en empresas, e FEUGA levará a cabo as xestións necesarias para a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado de formación profesional, e do alumnado de ensinanza de réxime especial que realice a fase de formación en empresa u organismo equiparado.

12. A lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), establece no artigo 47. 1 "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común". Este convenio de colaboración, supón un acordo de vontades, no que cada parte asume unha serie de compromisos ou obrigas tendentes a un fin común.

A finalidade do mesmo, axústase a esixencia contida no art. 48.3 da LRXSP, posto que a subscripción deste convenio busca "mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira". En base ao exposto, considerase como un convenio administrativo excluído da ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público ao ser subsumible no suposto regulado no artigo 6.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público

En consecuencia, as entidades asinantes, de conformidade co exposto, formalizan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é a colaboración entre as partes para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, sobre inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación de ensinanza de formación profesional e de ensinanza de réxime especial.

Segunda. Compromisos das partes

Por parte de FEUGA:

- Xestión integral das actuacións necesarias para garantir a cotización na Seguridade Social do alumnado de formación profesional e de ensinanza de réxime especial que realice prácticas formativas en empresas a partir do 1 de xaneiro do 2024.

Neste sentido, FEUGA encargárase de:

- Realizar a comunicación coa Seguridade Social para a asignación do código de conta de cotización (CCC) dos centros e o número da Seguridade Social (NUSS) do alumnado, así como de xestionar altas e baixas do alumnado Seguridade Social, e o pago das cuotas correspondentes.
- Ademais, levará a cabo un seguimento durante todo o período de realización das prácticas, xestionará as incidencias derivadas de accidentes ou outras continxencias que afecten á cobertura da Seguridade Social, tramitando as prestacións que poidan corresponder ao alumnado, e encargárase da comunicación cos centros educativos e a Consellería.

- Así mesmo, FEUGA comprométese a remitir informes estatísticos, de xestión e de seguimento da actuación para garantir unha completa transparencia e eficacia en todo o proceso.

A tales efectos, FEUGA conta cunha plataforma exclusiva e altamente especializada deseñada especificamente para axilizar o envío e a recepción da documentación requirida no proceso de inclusión do alumnado de formación profesional na Seguridade Social durante o seu período de formación en empresas. Esta plataforma distínguese pola súa idoneidade para esta tarefa, ofrecendo unha solución integral que garante a eficiencia e a seguridade no intercambio de información, contribuíndo así a simplificar e optimizar todo o procedemento administrativo.

Por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:

- Facilitará a FEUGA a relación dos centros educativos e a información necesaria, para a asignación do Código de Conta de Cotización dos centros.
- Facilitará a FEUGA a relación de alumnado que realizará prácticas formativas en empresas que deba ser incluído no sistema de Seguridade Social, co fin de solicitar o NUSS do alumnado, paso previo á comunicación das altas e baixas na Seguridade Social.
- Elaborará os ficheiros necesarios para o traspaso de información á aplicación informática coa que conta FEUGA.
- Colaborará con FEUGA na atención directa aos centros (de xeito presencial, telefónico e telemático) para garantir o intercambio de información necesaria para o correcto desenvolvemento do procedemento.
- Promoverá o contacto e a coordinación coa Tesourería Xeral da Seguridade Social no desenvolvemento de todo o procedemento.

- Achegará a FEUGA un importe de 580.701,63€ no ano 2024, con cargo ao concepto orzamentario 10.07.422M.640.12 para a xestión e o pago da cotización na Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación de ensinanzas de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial a partir do 1 de xaneiro do 2024. De este importe, estímase que 245.180,35€ sexan destinados ao pago das cotas da Seguridade Social e o resto a sufragar os gastos de xestión.

Este importe calculouse estimando o número de 10.000 alumnos/as que van realizar a fase de formación en empresa ou organismo equiparado durante o ano 2024, e que deben ser incluídos no sistema da Seguridade Social, considerando as cotas de cotización así como os custes de xestión asociados, cunha duración máxima de 410 horas por alumno, nun período máximo estimado de cotización de 3 meses.

No caso de que a partida consignada resultase insuficiente por superarse o número de alumnado que debe ser dado de alta na Seguridade Social, por modificación nas contías das cotas de cotización á Seguridade Social, ou por calquera outra modificación do procedemento ou circunstancias diferentes ás establecidas para o cálculo estimado, debidamente xustificada, asinarase a addenda correspondente coa finalidade de actualizar o importe; sempre e cando exista crédito suficiente.

O importe dos custos de cotización e xestión, será abonado en catro pagos (no mes de abril de 2024, no mes de xullo de 2024, no mes de setembro de 2024 e no mes de decembro de 2024), unha vez recibidos os informes de execución e seguimento por parte de FEUGA, así como unha relación detallada dos gastos, nos que incorra no desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio. FEUGA achegará xustificantes de gastos e pagamentos realizados derivados das actuacións deste convenio, e

certificación que acredite os costes indirectos asociados ás actividades obxecto deste convenio. Unha vez realizada a comprobación dos datos, por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, procederase ao correspondente pagamento en base á xustificación presentada, que en ningún caso poderá supoñer lucro para a entidade.

Terceira. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e reunirse cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, unha delas exercerá a presidencia da comisión.
- Dúas persoas representantes de FEUGA.
- Unha persoa representante da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que exercerá de secretaria.

A comisión terá como funcións facer o seguimento e control do cumprimento do convenio así como interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Cuarta. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2024, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por

calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

Quinta. Protección de datos

1) Tratamento dos datos persoais das partes asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante este o acceso, rectificación, supresión, así como exercitar outros dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPDA) a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que a Fundación Empresa–Universidade Gallega (FEUGA) ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos recoñecidos no RXPDP a través de do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPDP respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2) Deber de confidencialidade

FEUGA respectará o segredo profesional e, en consecuencia, manterá a absoluta confidencialidade e reserva sobre todos os documentos, datos e informacións que lle faciliten durante a execución do convenio. Así mesmo, estará expresamente obrigado a:

- Utilizar dita información exclusivamente no ámbito da relación obxecto de convenio e para os fins nel establecidos;
- Non comunicala, total ou parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos supostos previstos pola lei, requiríndose o mesmo compromiso do persoal ao seu servizo ou de quen colabore con eles no execución do convenio;
- Facilitar o acceso á información só ao persoal que a precise para o desenvolvemento da citada relación, ao que se lle comunicará a obriga de tratar a información á que teña acceso de xeito estritamente confidencial.
- Aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que FEUGA acceda en virtude do

presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

Este deber manterase durante un prazo de 5 anos desde o coñecemento desa información.

3) Regulación da relación entre o responsable do tratamento dos datos persoais e o encargado.

FEUGA respecto do tratamento de datos persoais que leve a cabo con motivo do desenvolvemento do presente convenio, terá a condición de encargado do tratamento aos efectos do disposto nos artigos 28 e 29 do RXPd e no artigo 33 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) comprometéndose a dar cumprimento ás obrigas que se inclúen a continuación, e esixindo idéntico compromiso do persoal, propio ou externo, ao seu servizo:

a) Tratar os datos persoais de acordo coas instrucións do Responsable do tratamento e só para os fins deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para os seus propios fins, sendo considerado neste caso como responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considerase que algunha das instrucións infrinxe o RXPd, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, porao inmediatamente en coñecemento do responsable.

b) Levar por escrito, se é o caso segundo o artigo 30 do RXPd, un rexistro das actividades de tratamento realizadas por conta do responsable, incluíndo o contido previsto no dito artigo.

c) Non comunicar os datos a terceiros, salvo que se conte coa autorización expresa do Responsable do tratamento, ou nos supostos legalmente admisibles. O

encargado poderá comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste.

O Encargado do tratamento poderá subcontratar os servizos que formen parte do obxecto do convenio e que impliquen o tratamento de datos persoais, debendo comunicalo previamente por escrito ao responsable do tratamento, indicando os tratamentos que están implicados e pretende subcontratar, identificando de forma clara e inequívoca á empresa subcontratista e os seus datos de contacto. A subcontratación poderá realizarse unha vez autorizada polo responsable do tratamento.

Neste último caso, o subencargado do tratamento, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, estará tamén obrigado ao cumprimento das obrigas establecidas neste convenio para o encargado do tratamento inicial e das instrucións ditadas polo responsable. Correspóndelle ao encargado do tratamento inicial, polo tanto, regular a nova relación para que o novo encargado estea sometido ás mesmas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade...), co mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que o encargado inicial no que se refire ao bo tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable do cumprimento das obrigas.

O Encargado do tratamento tamén estará obrigado a comunicarlle calquera modificación ao responsable do tratamento na incorporación ou substitución doutros subencargados, dándolle así ao responsable do tratamento a posibilidade de opoñerse aos ditos cambios.

d) Manter o deber de segredo sobre os datos persoais aos que teña acceso en virtude do presente convenio, aínda que finalice o seu obxecto.

e) Garantir que as persoas autorizadas para o tratamento dos datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a

cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que o encargado lles informará oportunamente.

f) Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

g) Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, mediante as medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que poida cumprir coa súa obrigaón de responder as referidas solicitudes das persoas interesadas no prazo previsto pola lexislación vixente. Para iso, o encargado facilitaralle ao responsable, a primeiro requirimento deste, e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que as persoas afectadas solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informaraos, a través de calquera medio fidedigno, do procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>, e dará traslado, asemade, ao responsable do contido da devandita solicitude.

h) Comunicarlle ao Responsable do tratamento, de forma inmediata e aplicando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información pertinente para a documentación e comunicación da incidencia, se é o caso, á Axencia Española de Protección de Datos, de conformidade co disposto no artigo 33 do RXPd.

i) Apoiar ao Responsable do tratamento na realización de avaliacións de impacto relacionadas coa protección de datos e na realización de consultas previas á autoridade de control, cando proceda.

l) Implantar, nos casos que sexa de aplicación, as disposicións contidas no R.D. 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanente dos sistemas e servizos de tratamento.
- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais rapidamente, en caso de incidencia física ou técnica.
- Verificar, avaliar e valorar, de forma periódica, a eficacia das medidas técnicas e organizativas postas en marcha para garantir a seguridade do tratamento.
- Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se é necesario.

m) Designar, segundo o establecido no artigo 13.5 do devandito R.D. 311/2022, un Punto ou Persoa de Contacto (POC). O POC de seguridade será o propio Responsable de Seguridade da organización, unha persoa que forme parte da área de Seguridade ou unha persoa que teña comunicación directa con esta ou un departamento ou unidade da organización. O POC contará co apoio dos órganos de dirección, e será quen canalice e supervise, tanto o cumprimento dos requisitos de seguridade do servizo que presta ou solución que provea, como as comunicacións relativas á seguridade da información e a xestión dos incidentes para o ámbito do dito servizo. Indicarase, en todo caso, o nome e apelidos ou denominación do POC, o posto ou cargo en caso que sexa unha persoa física, así como o correo electrónico e teléfono de contacto.

n) Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para acreditar o cumprimento das súas obrigas, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos polas entidades acreditadas ou, de non existir, facilitando a realización das auditorías ou inspeccións que faga o responsable ou outro auditor autorizado.

ñ) Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RXPd e no artigo 34 da LOPDGDD, e comunicarlle a súa identidade e datos de contacto ao responsable, sen prexuízo da preceptiva

inscrición na AEPD.

o) Devolver ao responsable, tan pronto como finalice o encargo, os datos persoais e, se é o caso, os soportes onde figuren. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado e subencargados. Non obstante, de conformidade coa normativa en materia de protección de datos, o encargado poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución do encargo.

Sexta. Copropiedade da titularidade intelectual

Os resultados inmateriais das actuacións derivadas deste convenio pertencerán a ambas partes por igual. As partes son copartícipes en igual medida dos resultados, acreditando a existencia dun fin común.

Sétima. Modificación, denuncia e causas de resolución

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o establecido no art. 31.4 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses de demora, as seguintes:

- Transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
- Acordo unánime de todos os asinantes.
- Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Oitava. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Novena. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o exclúen do

seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade co exposto, as partes asinan o convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

O director xeral da Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA)

Francisco Javier Pereiro Pérez